

## **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de marzo de 2023**

Ás 17.30 horas do día 22 de marzo de 2023, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Rosendo Luís Fernández Fernández

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

**Deputado de Democracia Ourenzana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez do Grupo Popular (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2023.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2023.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:  
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 15 de febreiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE PUBLICACIÓNS FEITAS DENTRO DO PLAN DE PUBLICACIÓN DO EXERCICIO 2022**

O Sr. secretario explica o contido da proposta:

Non se producen intervención e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Fixar o prezo da seguinte publicación que está dentro do Plan de Publicacións do ano 2022, e que será editada desde a sección de Arquivo e Publicacións:

**CABO VILLAVERDE, MIGUEL:** *“Ese vento que vai sobor da terra”. A vida desmedida de Basilio Álvarez.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14372M

-Custo total da publicación (400 exemplares): 9.480,77 € + IVE

-Custo estimado por exemplar: 23,70 € + IVE

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVE incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 25,70 € + IVE

**PVP final proposto= 25 €+ IVE**

## **3º.- EXPEDIENTE 3/2023 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

A Sra. interventora explica o contido da proposta.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, fai dúas preguntas en relación coa modificación. A primeira é respecto ao papel que xoga a Deputación na Subvención que se prevé por importe de 500.000 euros para a entidade Sogarpo e destinada ao desenvolvemento empresarial. En segundo lugar pregunta se o incremento da aplicación destinada a actuacións en vías provinciais inclúe as obras do plan complementario da rede viaria.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, formula as mesmas preguntas que fixo o BNG, pedindo que, se existe, se lles facilite unha memoria que explique que vías provinciais ou tramos de vías provinciais van ser obxecto de intervención con cargo a esta modificación no ano 2023.

O **presidente da comisión** indica que se lles contestará a esta pregunta ou ben no Pleno ou ben por escrito.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria cuantitativa n.º 3/2023**, mediante a concesión dun crédito extraordinario, suplementos de crédito, financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría obtido na liquidación do orzamento do exercicio 2022 polo **importe total de 2.311.250,00 euros**.

#### **CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
433.00/471.00	Desenvolvemento Empresarial – Sogarpo	500.000,00 €
<b>TOTAL, CE</b>		<b>500.000,00 €</b>

#### **SUPLEMENTOS DE CREDITOS**

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
011.11/310.01	Outras entidades financeiras. Xuros préstamos L/P	41.250,00 €
334.20/489.01	Act. Culturais e recreativas. Outras transferencias. Plan Tarazona	120.000,00 €
453.11/619.01	Vías Provinciais. Plano coop. Vías provinciais	213.000,00 €
453.11/619.03	Vías provinciais. Reparación vías provinciais	1.287.000,00 €
453.11/207.00	Vías provinciais. Prestación servizos	150.000,00 €
<b>TOTAL, SC</b>		<b>1.811.250,00 €</b>

## RECURSOS

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>2.311.250,00 €</b>
--	-----------------------

2.- Aprobar inicialmente a modificación, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións de obxectos e /ou beneficiarios de subvencións concedidas por esta entidade, e que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2023:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Monterrei** co obxecto “Balneario Requeixo” e por un importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Monterrei, de data 28 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención e da aplicación orzamentaria desagregando a cantidade inicial en dúas finalidades diferentes e que implica un cambio de capítulos pasando a ser para,

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
450.12/462.00	<b>Analíticas periódicas correspondentes ao exercicio 2022 e para á redacción de proxectos</b>	<b>14.312,00 €</b>
450.12/762.01	<b>Balneario Requeixo</b>	<b>33.688,00 €</b>

b) Con cargo a aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Padrenda** co obxecto “Traballos medioambientais e limpeza viaria” por importe de 60.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Padrenda de data 27 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da aplicación orzamentaria** da subvención nominativa anterior xa que non se trata de bens inventariables senón de gasto corrente do concello, e unha aclaración da finalidade desta, quedando polo tanto da seguinte forma,

**450.12/462.01 “Cooperación provincial. A Concellos ”**

FINALIDADE	IMPORTE
<b>Traballos medioambientais ( limpeza, mantementos camiños, rozas, etcétera) e para a contratación dun chofer para a rozadora</b>	60.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello dos Blancos** para “ Gastos de funcionamento da Banda Municipal” por un importe de 7.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Castrelo de Miño de data 23 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para, 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”

FINALIDADE	IMPORTE
<b>Obradoiros de baile tradicional, gaita e percusión, pandeireta e cantos populares da Escola Municipal de Gaitas</b>	7.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Parada do Sil** co obxecto “ Vivenda para aluguer” e por un importe de 60.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Parada do Sil de data 27 de xaneiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención motivado polo temporal acontecido no pasado mes de xaneiro e que provocou grandes desfeitas no termo municipal que poñen en risco a seguridade

da cidadanía e que necesitan ser arranzados no menor tempo posible, dividindo a cantidade inicial en dúas finalidades diferentes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/762.01	Reparacións en distintas infraestruturas (viarios, muros e recollidas de pluviais)	25.000,00 €
450.12/762.01	Acondicionamento da pasarela Río Mao	35.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á **Mancomunidad voluntaria de municipios da comarca de Ourense** co obxecto “ Muro contención punto limpo” por un importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo presidente da Mancomunidad de data 09 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, dividindo a cantidade inicial nas finalidades seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/789.01	Muro de contención e actuacións no punto limpo	16.000,00 €
450.12/789.01	Mellora da estrada do Alto do Couso a Pardeconde e Xunqueira (Concellos de Esgos, Maceda e Xunqueira de Espadañedo)	29.200,00 €
450.12/789.01	Honorarios de redacción dos proxectos das obras	2.800,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/ 489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación

Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Asilo de Verín** co obxecto “Gastos de funcionamento ” e por un importe de 36.870,00 euros.

Proponse, por parte do persoal de dirección do asilo. o **cambio da finalidade da subvención e que implica un cambio na aplicación orzamentaria, pasando a 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias”**, quedando da seguinte maneira:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/789.01	<b>Proxecto para un elevador para a residencia de maiores</b>	<b>36.870,00 €</b>

**4 .-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Trala unánime declaración da urxencia, por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

**4ªA.- INFORME DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.**

A Sra. Interventora expón o contido do expediente.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, intervéñ para dicir que posto que este asunto foi remitido con só 24 horas de antelación non houbo tempo material para poder analizar con detalle o expediente remitido, polo que van reservar o voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina o seguinte:

1º.- Emitir informe favorable á Conta Xeral do exercicio 2022, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 22.145.106,88 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 62.971.012,56 €
- Balance de situación: 2.285.994.139,67 €
- Resultado económico patrimonial: - 71.361.781,39 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 533.438,14 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 956.940,88 €
- Balance de situación: 15.869.470,84 €
- Resultado económico patrimonial: -1.260.339,03 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 140.404,18 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.412.365,45 €
- Balance de situación: 7.539.546,04 €
- Resultado económico patrimonial: - 598.516,90 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 235.248,53 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: - 133.748,21 €
- Balance de situación: 1.039.001,80 €
- Resultado económico patrimonial: -32.966,15 €

2º.- Expoñerlle ao público a Conta Xeral indicada, co ditame da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince (15) días, mediante anuncio no BOP e na sede electrónica, durante os cales, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Se se presentan serán examinados pola Comisión Especial de Contas, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, e emitirá novo informe.

A conta xeral, acompañada dos informes e das reclamacións ou reparos formulados, someterase ao pleno da corporación para a súa aprobación, se procedese.

En caso de que non se formulen, someterase ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral sen necesidade de novo informe.

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se producen.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.